

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP de CEDEIRA

CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: LINGUA E LITERATURA GALEGA

DEPARTAMENTO:

DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Mínimo esixible
B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. LGB1.1.2. Recoñece a función dos medios de comunicación como fonte de información.	Comprende con axuda de pautas orais textos orais sinxelos. Identifica os medios de comunicación como fonte de información.
B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.	LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.	Comprende con axuda de pautas orais información procedentes de documentos audiovisuais sinxelas.
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión. LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido. LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.	Participa nas conversas entre iguais. Segue explicacións e exposicións da clase comprendendo o seu contido. Produce textos orais ante a clase. Participa no traballo en grupo. Atende as intervencións dos o

<p>B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais.</p>	<p>LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper.</p> <p>LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.</p>	<p>Atende as intervencións dos e das demais en conversas e exposicións, sen interromper.</p> <p>Respecta as opinións da persoa que fala.</p>
<p>B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p>	<p>LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p>GB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.</p> <p>LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela</p> <p>LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.</p> <p>LGB1.5.5. Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese, unha actitude receptiva de escoita e respecta as opinións das demais persoas.</p> <p>LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.</p>	<p>Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais</p> <p>Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.</p> <p>Utiliza a lingua galega dentro da aula.</p> <p>Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.</p> <p>Amosa unha actitude receptiva de escoita ante os demais.</p> <p>Participa activamente nas conversas.</p>
<p>B1.6. Usar fórmulas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.</p>	<p>LGB1.6.1. Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.</p>	<p>Usa fórmulas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.</p>
<p>B1.7. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.</p>	<p>LGB1.7.1. Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo</p>	<p>Respecta as achegas dos demais en situacións de traballo cooperativo.</p>

<p>B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.</p>	<p>LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación axeitada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.</p>	<p>Pronuncia e entoa de forma adecuada nas súas producións orais.</p>
<p>B1.9. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas</p>	<p>LGB1.9.1. Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.</p> <p>LGB1.9.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial ás referentes ao xénero, ás razas e ás etnias</p>	<p>Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.</p> <p>Utiliza unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.</p>
<p>B1.10. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral.</p>	<p>LGB1.10.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...</p> <p>LGB1.10.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>	<p>Identifica a lingua galega con diferentes contextos (máis aló da escola).</p> <p>Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER		
<p>B2.1. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.</p>	<p>LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.</p> <p>LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.</p> <p>LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).</p>	<p>Comprende, coa axuda de pautas orais, a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación.</p> <p>Comprende, con axuda oral, informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.</p> <p>Localiza información en textos.</p>
<p>B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.</p>	<p>LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.</p>	<p>Comprende información contida en ilustracións.</p>
<p>B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.</p>	<p>LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.</p> <p>LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.</p> <p>LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos.</p>	<p>Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.</p> <p>Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.</p> <p>Fai lecturas dramatizadas de textos.</p>
<p>B2.4. Coñecer, de forma xeral, o funcionamento da bibliotecas de aula, e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.</p>	<p>LGB2.4.1. Usa a biblioteca de aula con certa autonomía, para obter datos e informacións, e colabora no seu coidado e mellora.</p> <p>LGB2.4.2. Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como</p>	<p>Usa a biblioteca de aula con certa autonomía</p> <p>Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e</p>

	instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos	fonte de recursos textuais diversos.
B2.6. Amosar interese polos textos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.	LGB2.6.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe, medio de comunicación e de lecer.	Amosa interese pola lectura.
B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias. LGB2.7.2. Explica dun xeito moi sinxelo as súas preferencias lectoras.	Selecciona textos do seu interese con certa autonomía. Explica as súas preferencias lectoras.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR		
<p>B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.</p>	<p>LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.</p> <p>LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.</p> <p>LGB3.1.3. Usa nos seus escritos o punto, a coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación.</p> <p>LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.</p> <p>LGB3.1.5. Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola (listaxes, descricións e explicacións elementais) ou cos medios de comunicación social (novas sinxelas, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximo á súa experiencia.</p>	<p>Reescribe, de xeito guiado, textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.</p> <p>Elabora textos con certa coherencia.</p> <p>Utiliza o punto con corrección.</p> <p>Utiliza a maiúscula con corrección.</p> <p>Compón, seguindo modelos, textos relacionados coa escola: listaxes, descricións e explicacións elementais.</p>
<p>B3.2. Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.</p>	<p>LGB3.2.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.</p>	<p>Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios...</p>
<p>B3.4. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.</p>	<p>LGB3.4.1. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido.</p>	<p>Ilustra os seus textos con imaxes que fan referencia ao seu contido.</p>
<p>B3.5. Presentar adecuadamente os traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>	<p>LGB3.5.1. Presenta os textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.</p> <p>LGB3.5.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>	<p>Interésase por presentar os textos con limpeza e calidade caligráfica.</p> <p>Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.</p>

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA		
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	<p>LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.</p> <p>LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.</p>	<p>Recoñece os tipos de textos así como a diferenza entre palabra e sílaba.</p> <p>Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.</p>
B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	Coñece e emprega con corrección o uso da maiúscula e o punto.
B4.3. Recoñecer a relación entre o son e grafía, así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	<p>LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.</p> <p>LGB4.3.2. Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.</p>	<p>Recoñece a relación entre son e grafía.</p> <p>Identifica as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.</p>
B4.4. Recoñecer de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	LGB4.4.1. Recoñece, de forma xeral, as diferenzas entre a lingua oral e a lingua escrita.	Evita o uso de palabras propias da linguaxe oral na escrita.
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA		
B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.	<p>LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.</p> <p>LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.</p>	<p>Escribe, coa axuda de modelos e pautas orais, textos literarios sinxelos.</p> <p>Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento.</p>

<p>B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.</p>	<p>LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.</p> <p>LGB5.2.2. Le, de forma guiada, textos en voz alta, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.</p>	<p>Le textos en silencio.</p> <p>Le textos en voz alta con adecuado ritmo lector.</p>
<p>B5.4. Participar en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade.</p>	<p>LGB5.4.1. Participa en dramatizacións de textos literarios sinxelos adaptados á súa idade</p>	<p>Participa en dramatizacións de textos.</p>
<p>B5.5. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</p>	<p>LGB5.5.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, e como recurso de gozo persoal</p>	<p>Valora a literatura como recurso de gozo persoal.</p>
<p>B5.6. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.</p>	<p>LGB5.6.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.</p>	<p>Amosa curiosidade por coñecer outras culturas.</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do 3º trimestre do vindeiro curso académico, o traballo do 3º trimestre non será avaliado do mesmo xeito que a avaliación presencial do 1º e 2º trimestre.</p> <p>A 3º avaliación estará enfocada a labores de reforzo, repaso e recuperación. Polo tanto a avaliación do 3º trimestre servirá exclusivamente, para recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</p> <p>Terase en conta a revisión e valoración do traballo feito polo alumnado, participación nas videochamadas grupais (tendo en conta as situacións de cada familia para tal fin), valoración da participación en actividades propostas polo centro, valoración da participación nos retos semanais, valoración de actividades dos contidos traballados no 1º e 2º trimestre .</p> <p>Ademais temos en conta, seguindo a lexislación vixente, que a avaliación é continua, sumativa e globalizada.</p> <p><u>Instrumentos:</u> caderno da titora (registro de seguimento, esforzo, progreso, dificultades, participación nas tarefas propostas neste 3º trimestre) , rúbricas das diferentes unidades traballadas no 1º e 2º trimestre, ficha de seguimento do alumnado.</p>
Cualificación final	<p>Para obter a cualificación final nesta área terase en conta a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación, así como a evolución, o grao de seguimento do curso ata o 13 de marzo, e o grao de seguimento das tarefas propostas durante o terceiro trimestre, tendo en conta que este último punto será valorado sempre positivamente e non perxudicará a súa nota final.</p> <p>O procedemento para obter a cualificación final de curso será ter en conta as cualificacións do 1º e 2º trimestre. Só variará nos casos onde é preciso recuperar as avaliacións pendentes ou mellorar a cualificación final.</p> <p>Á hora de avaliar ao alumnado, ademais de ter en conta os criterios de avaliación tamén temos presente as aptitudes e actitudes amosadas polo alumnado no 1º e 2º trimestre, seguindo os seguintes criterios de cualificación:</p>

	<p>1. 20%</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Respecta ao profesorado ▪ Respecta aos compañeiros ▪ Mantén o material en bo estado. ▪ Respecta as quendas: entradas, saídas... <p>2. 10%</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Mantén unha actitude de respecto nas clases (silencio, atención ás explicacións...:) ▪ Amosa actitude de traballo, esforzo, interese. ▪ Fai as tarefas mantendo a orde a limpeza. ▪ Remata as tarefas a tempo. <p>CUALIFICACIÓN FINAL (100%) = 70 % criterios de avaliación + 30% criterios de cualificación.</p>
Alumnado de materia pendiente	<p>Criterios de avaliación: Plan de Reforzo Individualizado para o alumnado con materias non superadas.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Os mesmos que o alumnado que superou todas as materias (expostas anteriormente).</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: <u>Adaptación</u> das técnicas e instrumentos de avaliación, ao igual que o alumnado que superou todas as materias (incluído no Plan de Reforzo Individualizado). As materias non superadas da primeira e/ou da segunda avaliación poderán recuperarse co traballo realizado no 3º trimestre.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades propostas deberán ir dirixidas a axudar a manter os hábitos e o proceso de aprendizaxe, polo que serán actividades que cheguen a todo o alumnado e que estén orientadas ó desenvolvemento das competencias , nesta área, en particular, ó desenvolvemento da competencia lingüística.</p> <p>Proporanse actividades en diferentes soportes, como o dixital e interactivo, propoñendo iniciativas que favorezan o desenvolvemento lingüístico.</p> <p>Serán actividades con diferentes graos de realización e dificultade, actividades diversas para traballar un mesmo contido, actividades de reforzo dos obxectivos mínimos e prioritarios, actividades que permitan repasar, reforzar e/ou ampliar os contidos traballados na aula ata o peche dos centros.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía será significativa e motivadora, evitando así caer na repetición e na monotonía á que pode levar o traballo individual na casa.</p> <p>Terase en conta as situacións familiares neste contexto e potenciarase a equidade para todo o alumnado, xa que non sería xusto promover un tipo de aprendizaxe donde non poida acceder todo o alumnado.</p> <p>A interacción entre alumnado e profesor será continua, pondo a disposición das familias e do alumnado o contacto telefónico da titora para calquer aclaración ou dúbida, un correo electrónico que serve para comunicarnos e como vía de entrega e corrección das tarefas propostas, promovendo unha aprendizaxe cunha retroalimentación, que dará significado a esta situación.</p> <p>Ademáis como elemento motivador e espazo de unión entre o alumnado e mestra, subíronse a páxina web do cole unha serie de vídeos como retos semanais.</p> <p>O seguimento titorial e o apoio emocional ó alumnado e as súas familias son de gran relevancia neste contexto.</p>
Materiais e recursos	<p>Empregaranse materiais e recursos en liña postos a disposición do profesorado para estes momentos excepciónais, o libro do alumando, fichas interactivas, material impreso.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O contacto da titora coas familias e o alumnado é por varias vías , ben a través do teléfono, donde as familias e alumnado o empregan en caso de dúbida ou aclaración, no momento que o precisen, co correo electrónico, dende abalar e nas videoconferencias.</p> <p>Desta maneira preténdese recibir e dar información sobre a evolución e o traballo dos nenos e das nenas nestes meses.</p>
Publicidade	<p>A programación está publicada na páxina web do centro.</p> <p>En canto á publicidade das propostas a nivel centro, durante este tempo, tamén se atopan na páxina web, nos espazos creados durante este periodo “os noso alumnos teñen moito que dicir”, iniciativas polo Día do libro ou iniciativas creativas.</p>